

Estimadas familias!

Todos estamos vivindo unha situación excepcional e rara á vez pero debemos concienciarnos de que estamos ante unha alerta sanitaria e que todo o que facemos é pola nosa saúde e pola dos que nos rodean e por eso debemos facer caso das recomendación e das instrucións que nos mandan as autoridades sanitarias.

Como xa vos dixéramos o xoves, vamos procurar enviarvos recomendacións de páxinas para que poidades ter entretidos aos nenos e nenas e poder levar esta situación da mellor maneira posible.

Para os nenos e nenas de Infantil o máis importante é que, na medida do posible, manteñan unhas rutinas y teñan un tempo para facer algunha actividade similar ás que facemos no cole.

Na rede hai un montón de páxinas que nos ofrecen múltiples opcións: xogos de lectoescritura, actividades matemáticas, debuxos para colorear, audiocontos, ideas de manualidades...

Trátase de que teñades recursos para aproveitar eses momentos nos que os nenos e nenas estén máis receptivos.

Algunhas destas páxinas son:

- <http://www.ceiploreto.es/> Aquí tedes infinidade de actividades, incluso de lectura para os nenos de 5 anos.
- <https://www.colorear-online.com/>
- <https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/matematicas/sumas>  
Nesta páxina, entre outras cousas, os nenos e nenas de 5 anos poden realizar sumas sinxelas para non esquecernos da dinámica da suma.
- <http://www.clubpequeslectores.com/2015/12/seleccion-libros-cuentos-3-5.html> aquí atoparedes ideas de lecturas pero recordade que o máis importante é ler, así que calquera conto ou libro que teñades na casa é boa opción.

Estas son algunhas propostas para estes primeiros días pero lembrade estar atentos á páxina web do colexio (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcunqueiro/>) e á nova páxina do facebook (CEIP Álvaro Cunqueiro Mora - Mondoñedo) xa que a través delas

iremos poñendo máis novidades e máis ideas e recursos para sobrelevar mellor este tempo de confinamento.

Lembrede que isto é só unha recomendación, estamos seguras de que calquera cousa que faigades cos vosos fillos e fillas será fructífera para eles. Aproveitade este tempo para falar con eles e sobre todo para escoitalos.

Ánimo a todos!